

DECRETO	CONVOCATORIA DE SESIÓN PLENARIA ORDINARIA
---------	---

Segundo acordo do Pleno, de data 26 de xuño de 2023, as sesións ordinarias do Pleno da Corporación terán lugar cunha periodicidade mensual, con carácter xeral o derradeiro xoves de cada mes, ás 20:00 horas do serán.

A Secretaría do Concello emitiu a relación de procedementos concluídos que se poñen á disposición da Alcaldía a efectos da súa inclusión na orde do día da próxima sesión ordinaria do Pleno [(artigo 81.1.a) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e (artigo 3.2.a) do Real decreto 128/2018 do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional].

É o alcalde quen ten a competencia para convocar e formar a orde do día das sesións do Pleno (artigos 78.1 e 80.1 do Real decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais).

En uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local (art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, LBRL), **RESOLVO:**

PRIMEIRO:

Convocar unha Sesión Ordinaria do Pleno:

Día: Xoves, 30 de xullo de 2026.

Hora: 20.00 h.

Lugar: Salón de Plenos (1º andar de Casa Charry-Oleiros).

Coa seguinte **ORDE DO DÍA:**

- 1.- Aprobación actas das sesións plenarias anteriores, de data, 25/06/2026 (ordinaria) e 17/07/2026 (extraordinaria e urgente).
- 2.- Solicitude á Deputación Provincial participación na 2ª Fase do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ Adicional 2/2026, 2ª fase"
- 3.- Aprobación definitiva do estudo de detalle para a parcela C do Sector SUD-5 Icaria IV.
- 4.- Aprobación e formalización dun novo convenio de colaboración entre o Concello de Oleiros e a Dirección Xeral do Catastro en materia de xestión catastral.
- 5.- Determinación dos dous días de festas locais para 2027.
- 6.- Aprobación da Conta Xeral do Concello correspondente ó exercicio 2025.
- 7.- Dar conta dos decretos da alcaldía e resolucións dos e das concelleiras delegadas, desde o nº 2026003581 ata o nº 2026004393, ambos incluídos.
- 8.- Mocións.
- 9.- Rogos e preguntas.

SEGUNDO

Notificarlles esta resolución aos membros do órgano Colexiado, poñendo a súa disposición os antecedentes dos asuntos na Secretaría do concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.

TERCEIRO:

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer os recursos seguintes:



a)- Con carácter potestativo poderá vostede interpor un recurso de reposición diante do mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, dentro do prazo de un (01) mes, a contar desde o día seguinte ó de recepción desta notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP.

b)- Directamente contra esta resolución poderá vostede interpor un recurso contencioso administrativo diante do Tribunal de instancia Sección de lo Contencioso-administrativo da cidade da Coruña, no prazo de dous (02) meses, a contar desde o día seguinte ó de recepción desta notificación, de acordo co disposto no artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LXCA).

No caso de desestimación presunta do recurso de reposición, desestimación que se produce polo transcurso do prazo dun (01) mes desde a presentación do recurso sen que se teña recibido a notificación da resolución correspondente, o prazo para a presentación do recurso contencioso administrativo será de seis (06) meses, a contar desde o día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto de acordo coa normativa específica aplicable, segundo o disposto no artigo 46.1 da LXCA citada.

Todo o anterior sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 125 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, LPACAP, de formular a solicitude á que se refire o artigo 106.1 da citada Lei, ou de interpoñer aqueloutros que estime procedentes.

Oleiros, na data da sinatura electrónica.

O Alcalde-Presidente. Ángel García Seoane

O Secretario, Juan Luis González Iglesias.

